



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Bioética. Ilexislación e gestión en podología		Código	750G02016
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Gil Manso, Pedro	Correo electrónico	pedro.gil.manso@udc.es	
Profesorado		Correo electrónico		
Web	campusvirtual.udc.gal/			
Descripción xeral	<p>Esta materia proporciona coñecementos sobre os fundamentos da profesión podoloxica e as súas obrigacións deontolóxicas, así como a xestión clínica dos servizos de podoloxía.</p> <p>A materia versará sobre: as obrigacións deontolóxicas da profesión, a lexislación vixente e os criterios de normopraxis. Dereitos do paciente. Responsabilidade civil e sanitaria. Problemas éticos no exercicio da profesión. Instrumentos que axuden ao profesional en caso de problemas éticos. Marco profesional. Dereitos e obrigacións do profesional. Xestión clínica dos servizos de podoloxía. Economía da saúde e uso eficiente dos recursos. Xestión dos servizos de saúde na atención e rehabilitación podoloxica no Sistema Sanitario Español. Autonomía do paciente. Manexo da documentación clínica: confidencialidade.</p>			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos - Non se mudan os contidos.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Sesión maxistral, Eventos, Traballo tutelado, Seminario, Estudo de Casos, Proba de resposta múltiple.</p> <p>*Adaptación de presencialidad á situación epidemiolóxica: Todas as actividades presenciais realizaranse con asentos preasignados, con máscara, ventilación, non permitindo o consumo de alimentos e bebidas e asegurando que se cumpran as medidas de prevención e hixiene do centro establecidas e publicadas en: https://udc.es/es/fep/coronavirus/.</p> <p>No caso de que o grupo de docencia chegue a superar as indicacións do aforo da aula estableceranse grupos rotativos de docencia híbrida, onde os estudiantes que non caibán na aula seguirán esa semana a docencia de forma telemática e á seguinte de forma presencial, sendo outro grupo o que a realice de forma telemática, segundo planificación establecida polo docente da materia</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican As Sesión maxistrais, os eventos e os Seminarios, para aqueles alumnos que por motivos de corentena ou confinamento non poidan acudir presencialmente (que deberán de acreditar adecuadamente a través do campus virtual da materia e comunicándoo o mismo día ao docente da materia por correo electrónico), farase de forma telemática, se é posible participando en directo telemáticamente na sesión do TEAMS da Materia (coa cámara activa) e se esta opción non fose posible polas circunstancias médicas do alumno ou o docente, participando en diferido entregando 10 preguntas tipo test do tema tratado na clase/seminario coa xustificación da corrección ou falsididade de cada unha das 4-5 opcións de resposta. Os seminarios prácticos no caso de non poder realizarse nas datas asignadas a cada grupo por illamento dun ou varios alumnos (debidamente acreditado), en primeira opción recuperaranse intercambiando as datas de todos o grupo co siguiente grupo que lle correspondería a práctica, se isto xa non fose posible ou non puidese realizarse pola situación epidemiolóxica e as restriccions asociada, recuperaríanse en canto cando as condicións sanitarias permitan en datas acordadas polo docente. Se finalmente esta opción non fose posible a porcentaxe de cualificación levará ao estudio de casos e ao traballo tutelado. Nos traballos tutelados e estudos de casos no caso de que a participación no desenvolvemento dos traballos non poida facerse presencialmente na aula, valorarase pola asistencia (con cámara activa) e participación nas reunións do grupo dentro do TEAMS da materia. O caso da exposición e defensa dos traballos, aqueles que por problemas de conectividade ou motivos xustificados, participen en diferido, deberán de fazer un breve resumo e valoración individual de cada un dos traballos de todos os grupos de alumnos. Os alumnos que na data de convocatoria do exame (proba mixta) se encuentren en situación de confinamiento/cuarentena por positivo en COVID19 ou contacto estreito (de xeito debidamente acreditado cun máximo de tres días posteriores o exame), faráse una convocatoria de exame presencial ó final dos días de confinamento protocolario, proba que deberá de realizarse antes do último día de peche de actas de esa oportunidade, non sendo posible en ningún caso realizar o exame de xeito telemático. Só no caso de que as restriccions as actividades presenciais xeneralizadas a docencia realizarase vía telemática mantendo as porcentaxes de cada metodoloxía de avaliación e só no caso destas inclúan especificamente as convocatorias de exames oficiais (como no confinamento total por estado de excepción ou alarma) o exame (proba de resposta múltiple) farase a través do propio campus virtual da materia de forma telemática, na que cada alumno estará conectado simultaneamente a través de TEAMS mediante a pantalla e a cámara do seu propio teléfono móvil, que deberá de estar activa durante todo o proceso e mostrando todo o espazo de traballo. A través do TEAMS, comunicarase a clave de inicio do test e cada alumno podrá expor as dúbihdas que teña (previa chamada de atención) de forma xenérica (que non identifique a resposta correcta), xa que será escoitada polo resto de estudiantes.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p>
----------------------	--



- Non mudan, faranse vía TEAMs.

4. Modificacións na avaliación

- No caso de que a realización do exame (proba de resposta múltiple) tampouco sexa posible vía telemática, a súa porcentaxe levará ao traballo tutelado (25%), seminario (15%), estudo de casos (20%), sesión maxistral (10%) e a elaboración dun esquema-resumen que cada estudiante fará individualmente de cada unha das sesións maxistrais (20%).
- Se o o que non fose posible son os seminarios, a súa porcentaxe levará ao traballo tutelado (25%) e ao estudo de casos (20%).

*Observacións de avaliación: o cambios produciránse se as condicións sanitarias así o obrigan.

5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía:

Non mudaría ningunha referencia pois todas ou xa están accesibles telemáticamente ou a información precisa suministrarse con las presentaciones de las clases.



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe		Competencias / Resultados do título		
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título		
Coñecer e actuar en base ao cumprimento das obligacións deontolóxicas da profesión, a lexislación vixente e os criterios de normo praxes		A14 B12 C4 B15 B22		
Coñecer os dereitos e a autonomía do paciente. Coñecer e aplicar os conceptos de responsabilidade civil e sanitaria. Coñecer o manexo da documentación clínica: confidencialidade.		A14 B6 C1 A64 B8 B18 B19		
Coñecer o marco profesional así como os dereitos e obligacións do profesional.		A14 B2 C5 B3 C7 B6 B7		
Conocer los problemas éticos en el ejercicio de la profesión y los instrumentos que ayuden al profesional en caso de problemas éticos.		A14 B1 C4 A64 B19 C7 B22 C8		
Adquirir a capacidade de xestión clínica dos servizos de Podoloxía. Coñecer a Economía da saúde e uso eficiente dos recursos. Coñecer a xestión dos servizos de saúde na atención e rehabilitación podolóxica no Sistema Sanitario Español.		A13 B10 C3 A53 B12 C4 A61 B15 C6 A64 B16		

Contidos	
Temas	Subtemas
1.- Introducción á ética	1.1- Introdución. Noción xeral de Ética. 1.2- Conceptos: ética, moral, lexislación, deontoloxía. 1.3- Diferenzas entre Ética, Deontoloxía e Lexislación. 1.4- Diferentes perspectivas e tendencia da ética.
2.- Bioética	2.1. Introducción. Panorama histórico. 2.2. Concepto de bioética. 2.3. Príncipios bioéticas fundamentais.
3.- A Ética das profesións	3.1- Introdución. 3.2- Caracteres dunha actividade profesional. 3.3- Marco legal da profesión de podoloxía. 3.4- Código deontolóxico de Podoloxía. Obrigacións deontolóxicas do profesional de Podoloxía. 3.5- Problemas éticos no exercicio da profesión. 3.6- Instrumentos que axuden ao profesional en caso de problemas éticos. 3.7.- Criterios de normopraxes.
4.- Dereitos e deberes do paciente	4.1- Os dereitos e deberes dos usuarios na Lei Xeral de Sanidade. 4.2- Os dereitos e deberes dos usuarios no Código Deontolóxico de Podoloxía. 4.3- A Información e o consentimento informado. 4.4- Lexislación reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obligacións en materia de información e documentación clínica. 4.5- Historia clínica. 4.6- Manexo da documentación clínica: confidencialidade.



5.- Dereitos e obligacións do profesional.	5.1- Marco profesional. 5.2- Introducción ao concepto de responsabilidade profesional. 5.3- Responsabilidade civil e sanitaria. 5.4- A responsabilidade penal dos profesionais sanitarios. 5.5- Concepto de imprudencia profesional. 5.6- O segredo e a confidencialidade. 5.7- Colexiación e asociacionismo profesional.
6.- Xestión en Podoloxía	6.1- O sistema Sanitario Español. 6.2- Procedementos para a creación e xestión dunha clínica podolóxica. 6.3- Príncipios básicos da mercadotecnia. 6.4- Xestión clínica dos servizos de podoloxía. 6.5- Economía da saúde e uso eficiente dos recursos. 6.6- Xestión dos servizos de saúde na atención e rehabilitación podolóxica no Sistema Sanitario Español.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A13 A14 A61 A64	14	8	22
Seminario	A13 A53 A64	6	13	19
Eventos científicos e/ou divulgativos	C8 C7	8	8	16
Estudo de casos	A53 A64 B1 B2 B3 B7 B8 B18 B19 B22 C4 C6	14	27	41
Traballos tutelados	B6 B10 B12 B15 B16 C1 C3 C5	4	16	20
Proba de resposta múltiple	A13 A14 A61 A64	2	25	27
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Os contidos teóricos básicos da materia serán impartidos mediante lección maxistral, pero cun enfoque participativo por parte do estudiante. Baseada na exposición oral telemática complementada co uso de audiovisuais e introdución dalgúndhas preguntas dirixidas ós estudiantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Seminario	Clase en grupo para o estudio intensivo da xestión podolóxica e o uso do software de xestión clínica COGECOP ou equivalente da que o estudiante deberá de realizar unha memoria de uso e valoración do mesmo. Adicionalmente traballanrase sobre os aplicativos e sistemas de comunicación coa administración, tales coma o certificado dixital ou a plataforma É-Saúde.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia e participación a congresos e xornadas de orientación profesional, innovación e emprendimento (Xornadas Orientación profesional da Facultade, Laboralia, Plan de Acción Green Campus Ferrol, etc.) e elaboración dunha memoria-informe das mesmas. A asistencia e participación nestas actividades permitirán ao alumnado profundar no coñecemento de temas de estudio relacionados coa materia e proporcionar coñecementos e experiencias actuais que incorporan as últimas novedades referentes ao ámbito de estudio.



Estudo de casos	<p>Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e comunicación.</p> <p>A metodoloxía utilizada nesta materia basearase na Aprendizaxe Baseada en Problemas (ABP). É un método didáctico que permite ao alumnado adquirir coñecementos, habilidades e actitudes, para ser capaz de identificar, analizar e resolver problemas de saúde de maneira eficaz, eficiente e humana (Bridges, 1991; Branda, 1990)</p> <p>No ABP un grupo pequeno de alumnos/as reúñese, coa facilitación de titor, para analizar e resolver un problema (escenario) seleccionado ou deseñado especialmente para o logro de certos obxectivos de aprendizaxe.</p> <p>Cada estudiante integrado, obrigatoriamente dentro dun grupo pequeno (5-6 membros), traballará convxuntamente na resolución das tarefas asignadas polo profesor para optimizar a súa aprendizaxe e o do resto dos membros do grupo. O desenvolvemento deste escenario farase durante as horas de seminario e en cada grupo nas horas de traballo autónomo.</p> <p>Os grupos comporánse o primeiro día de clase da materia. Os resultados dos escenarios entregaranse a través da plataforma Moodle co nome de arquivo: EscenarioX_GrupoXnº.PDF</p>
Traballos tutelados	<p>Traballo en grupo de 5-6 alumnos/as no que se fará un proxecto de creación dun centro sanitario en que se presten os servizos de podoloxía e no que se deberán de describir:</p> <ul style="list-style-type: none">- os trámites legais e administrativos necesarios para a creación de clínica podoloxica.- procedementos para a creación e xestión dunha clínica podoloxica.- plan de negocio e mercadotecnia da clínica podoloxica.- localización e deseño da clínica podoloxica. <p>Este traballo deberase de entregar a través da plataforma Moodle. co nome: CS_podologiaGrupo.PDF</p>
Proba de resposta múltiple	<p>Exame con 30 preguntas tipo test cunha única resposta correcta.</p> <p>Devandito exame realizarase presencialmente empregando o campus virtual da materia, sobre a totalidade dos contidos da materia e todos os materiais entregados a través da plataforma Moodle así como os escenarios do "Estudo de casos".</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Estudo de casos	A atención personalizada se desarrollará de forma programada en los horarios de tutorías del profesor y las horas de seminarios de la materia a través de la plataforma TEAMs.
Traballos tutelados	La atención personalizada está destinada a resolver cualquier tema relacionado con las diferentes metodologías y/o contenidos de la materia.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación



Proba de resposta múltiple	A13 A14 A61 A64	<p>Exame con 30 preguntas tipo test cunha única resposta correcta cada 3 preguntas incorrectamente respondidas descontarán unha resposta correcta.</p> <p>Devandito exame realizarase presencialmente a través do campus virtual da materia, e versará sobre a totalidade dos contidos da materia e todos os materiais entregados así como os escenarios do "Estudo de casos".</p> <p>INSTRUICIÓN DO EXAME:</p> <ul style="list-style-type: none">- Depositar carteiras, maletíns, bolsos, abrigos, apuntamentos e dispositivos electrónicos (incluíndo teléfonos móviles e reloxos de calquera tipo) nos colgadores e mesas do fondo da clase.- Non portar pantalóns curtos nin saias e levar pelo recolleito, cos pavillóns auditivos visibles.- Durante o exame na mesa só deberán de estar o exame, o cartón identificativo do estudiante (DNI ou cartón UDC) e un máximo de 2 bolígrafos azuis non borrables.- A copia e o acceso con instrumentos electrónicos ou dispositivos móviles (incluíndo teléfonos móviles, auriculares e reloxos de calquera tipo) será causa suficiente de expulsión da proba o que implicará a calificación de suspenso (nota numérica de 0) na convocatoria da materia (en ambas as oportunidades).- Non escribir baixo ningún concepto na mesa nin mobiliario da aula.	40
Eventos científicos e/ou divulgativos	C8 C7	<p>Esta metodoloxía de aprendizaxe colaborativo, valorarase en función do número de copias dos diplomas da asistencia a xornadas/cursos sobre orientación profesional, innovación e emprendemento así como as conclusións do informe-memoria sobre as mesmas presentadas a través da plataforma moodle.</p> <p>Neste apartado destaca especialmente as (destacando especialmente as Xornadas de Orientación Profesional en Podoloxía organizadas pola Facultade de Enfermaría e Podoloxía, para aqueles que participen en directo evaluaráse en función do número de charlas nas que asista de forma virtual e para aqueles que o hagan en diferido evaluaráse en función da memoria individual que realicen de cada charla.</p>	10
Estudo de casos	A53 A64 B1 B2 B3 B7 B8 B18 B19 B22 C4 C6	<p>O alumnado entregará o documento de resolución xustificada do traballo na tarefa Moodle e presentará e defenderá a solución dos escenarios na aula segundo o traballado previamente en grupo dentro da aprendizaxe baseada en problemas, dentro dos prazos marcados.</p> <p>Criterios de cualificación</p> <p>Avaliarase a relevancia do traballo feito, a consecución dos obxectivos prioritarios e secundarios dos problemas expostos, as interaccións persoais de cada estudiante na aula cos demais membros do grupo (segundo o número de participacións nas reunións do grupo), a achega ao proceso de razoamento grupal (avaliada por cuestionario a cada un dos membros do grupo), a integración de coñecementos teóricos básicos na aplicación práctica, o problema exposto e as conclusións establecidas, a reflexión xeral do aprendido no caso exposto, o pensamento crítico do grupo sobre o caso e a xustificación das intervencións e/ou respuestas a través de bases documentais, normas e leis éticas e deontolóxicas actuais.</p> <p>Valorarase a asistencia e participación na exposición e defensa do caso do propio e de resto de grupos.</p>	14
Sesión maxistral	A13 A14 A61 A64	Valorarase a asistencia e a participación activa e produtiva nás clases da materia.	5



Traballos tutelados	B6 B10 B12 B15 B16 C1 C3 C5	Para a realización deste proxecto de creación de centro sanitario en que se presten os servizos de podoloxía valoraranse especialmente a orixinalidade e concreción nunha localización real concreta o plan de negocio e a desagregación dos trámites. Valorarase a asistencia e participação na exposición e defensa do proxecto propio e do resto de grupos.	17
Seminario	A13 A53 A64	Valorarase a asistencia e participación no seminario, así como a elaboración dunha memoria de valoración de uso do software de xestión clínica COGECOP (ou equivalente) da que se valorará especialmente a creación de exemplos de datos e a valoración crítica do aplicativo incluíndo evidencias sobre o uso dos aplicativos coma o certificado dixital e a plataforma É-Saúde (ou equivalente).	14
Outros			

Observacións avaliación



Por tanto na matrícula ordinaria: o 40% da evaluación de materia depende por tanto da proba obxectiva que neste caso será unha proba de resposta múltiple. Por outra banda, o 27% da cualificación dependerá dos traballos tutelados (17% do proxecto de creación de clínica e 10% de eventos). Finalmente, o 33% da cualificación da materia dependerá da aprendizaxe colaborativo entendendo como tal as sesións maxistrais (5%), os seminarios (14%) e o estudo de casos (14%).

Aquel alumnado que non deseche ou non poida participar dos Eventos científicos e/ou divulgativos no seu lugar poderán presentar un traballo individual sobre algúns dos temas ou contidos da materia (previamente acordado con responsable da materia), traballo que deberán de entregar antes da data do exame final, a través do Campus Virtual (plataforma Moodle).

Optarán á cualificación de Matrícula de Honra aquela alumna ou alumna que obtendo unha cualificación global superior ao 95% sexa a mellor cualificación da clase na oportunidade avaliada e a súa achega nas clases escenarios e seminarios fose significativa, priorizando os casos nos que participase de eventos relacionados coa materia ademais do traballo opcional.

Para aquel alumnado con matrícula a tempo parcial a sua calificación corresponderá ó 60% coa nota da proba de resposta múltiple, o 15% coa memoria de eventos científicos-divulgativos (ou traballo alternativo), 15% co traballo tutelado de creación de centro sanitario e o 10% pola participación e tarefas dos seminarios. Para o alumnado con dispensa académica a súa calificación corresponderá ó 80% coa nota obtida na proba mixta e o 20% co traballo tutelado de creación dun centro sanitario (que neste caso será individual).

Para alumnado ERASMUS, SICUE e BILATERAL poderá optar pola evaluación da modalidade ordinaria ou evaluación na que corresponderá o 70% coa nota da proba de resposta múltiple, o 10% coa memoria de eventos científicos-divulgativos (ou traballo alternativo) e 20% co traballo tutelado de creación de centro sanitario.

Segunda oportunidade: Para aquel alumnado que non superase a materia na primeira oportunidade de evaluación, manterase as mesmas porcentaxes de evaluación a cada metodoloxía que na primeira oportunidade e o alumno poderá volver realizar calquera das tarefas avaliadas, que estime convenientes, neste caso de forma individual (mesmo as que inicialmente eran en grupo) e deberá entregalas 7 días antes da data do exame. As tarefas que non repita manterase a cualificación da primeira oportunidade. Terá que repetir, en calquera caso, o exame final da materia.

Convocatorias de segunda e posteriores matrículas: Para aquel alumnado que curse a materia e realice os estudos de casos e traballos tutelados coa cualificación de apto, pode volver cursar toda a materia novamente ou presentarse só ao exame teórico final, tendo en conta que a cualificación do exame teórico fará media coas cualificacións dos seminarios, eventos científicos, os estudos de casos, traballos tutelados e clases maxistrais do curso académico no que cursase os estudos de casos.

Convocatorias da oportunidade adiantada de evaluación: Para aqueles estudiantes que soliciten a oportunidade adiantada de evaluación, cumpran os requisitos e concédaselle poderán presentarse ao exame teórico final cuxa cualificación suporá o 100% da cualificación da materia.

A cualificación de non presentado: outorgarase a aqueles/es alumnos/as que non se presentan ao exame.

A fin de establecer un proceso de mellora contínuo da materia e facilitar a participación de todos os alumnos/as, mediante o envío dun arquivo co nome Apellido1_Apellido2_Nome-VALORACION.doc se poderán sumar ata 0,4 puntos á puntuación da materia, a condición de que a suma destes puntos non supoña o aprobado da mesma. Esta puntuación virá determinada por:

Cubrir a enquisa de AVALIEMOS(<http://www.udc.gal/avaliemos>): +0,25 puntos
Describir brevemente e de forma construtiva o que consideras o mellor e o peor da docencia da a materia así como proposta de cambios: +0,1 puntos
Contabiliza o total de horas dedicadas á materia: +0,05 puntos

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Moreno de la Fuente, José Luis (2013). Podología : emprendimiento, ética, legislación y gestión. Madrid : BDS- Novel i Martí, Virgínia; Fernández Herrera, Jesús M. Ramón Meseguer Planas (2009). Manual de Marketing para la consulta de podología. Nexus Médica- Noval Cinza Jose, et al (1997). Principios de bioética. A Coruña: Servicio de Publicaciones de la Universidad de A Coruña- Medina Castellano Carmen (2000). Ética y Legislación. Madrid: D.A.E Grupo Paradigma- (1986). Ley 14/1986, de 25 de abril, General de Sanidad.- (1990). Ley 25/1990, de 20 de diciembre, del medicamento.- (2002). Ley 41/2002 reguladora de la autonomía del paciente y derechos y obligaciones en materia de información y documentación clínica.- (2014). Código deontológico de Podología.- Medina Castellano Carmen (2000). Etica y legislación. Madrid: Paradigma- ARANGUREN, J.L., (1989). Ética. Madrid: Alianza Universidad- GOMEZ JARA, M (2007). La responsabilidad profesional sanitaria. Barcelona: Atelier Libros SA- GOMEZ JARA, M, NOVEL MARTÍ, V (2001). El ejercicio privado de las profesiones sanitarias: requisitos legales. Barcelona: Atelier Libros SA- Latorre, A (1985). Introducción al Derecho. Barcelona: Ariel
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Gil Calvo (2001). Nacidos para cambiar. Como construimos nuestras biografías.. Madrid: Taurus- Becerro R, et al (2002). Prescripción y receta podológica. El Peu. 22(1):8-17- Marín Manuel (2003). Receta medica en podología. Revista Española de Podología: XIV (3):142-144- (.). WESLAW (Aranzadi). http://www.udc.es/biblioteca/galego/Bases.htm- (.). NOTICIAS JURIDICAS. http://noticias.juridicas.com/- (.). DERECHO.COM. http://www.derecho.com/- (.). BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO. http://www.boe.es/diario_boe/- (.). DIARIO OFICIAL DE GALICIA. http://www.xunta.es/consulta-do-dog- Calvo Sanchez, Dolores (2010). Secreto profesional en el ámbito de la enfermería.. Lisboa: Editorial Juruá- Mosqueda-Diaz, A., Mendoza-Parra, S., Jofré-Aravena, V. (2014). Aporte de enfermería a la toma de decisiones en salud.. Rev Bras Enferm. mai-jun; 67(3):462-7- Garzón Alarcón, N (2001). Toma de decisiones éticas. Catadra Manuel Ancina. Etica y Bioética.- Almenara P (1995). Ética y Legislación en Enfermería. Barcelona: Masson- Arroyo P, Cortina A (1996). Ética y legislación en enfermería . Madrid: Interamericana- Arroyo MP, Serrano A (1988). Ética y Legislación en Enfermería. Madrid: Interamericana- ICN (1994). La ética en la práctica de la enfermería. Guia para la toma de decisiones éticas.. Ginebra: Consejo Internacional de Enfermeras.

Recomendaciones
Materias que se recomienda cursar previamente
Sistemas de Información e Comunicación en Ciencias da Saude/750G02010
Podología xeral/750G02012
Prácticum 1/750G02033
Materias que se recomienda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Traballo de fin de grao/750G02036
Observaciones



ADAPTACIÓN DE PRESENCIALIDAD Á SITACIÓN EPIDEMIOLÓXICA: Todas as actividades presenciais realizaranse con asentos preasignados, con máscara, ventilación, non permitindo o consumo de alimentos e bebidas e asegurando que se cumplan as medidas de prevención e hixiene do centro establecidas e publicadas en: <https://udc.es/es/fep/coronavirus/>. No caso de que o grupo de docencia chegue a superar as indicacións do aforo da aula estableceranse grupos rotativos de docencia híbrida, onde os estudiantes que non caibán na aula seguirán esa semana a docencia de forma telemática e á seguinte de forma presencial, sendo outro grupo o que a realice de forma telemática, segundo planificación establecida polo docente da materia.

OBXECTIVOS DE DESENVOLVIMENTO SOSTIBLE: Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumplir co obxectivo da acción número 5:

?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol": A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos, no caso de se realizar en papel: non se empregarán plásticos, realizaranse impresións a dobre cara, empregarse papel reciclado e evitarase a impresión de borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural tendo en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

PLAXIO: Na realización dos traballos da materia, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, será cualificado con suspenso (0,0) na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías